



ACTA DE APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DA MESA CELEBRADA EN DATA 15/07/2024, ANÁLISE DO INFORME EMITIDO POLA OFICINA TÉCNICA DE ARQUITECTURA E PLANEAMENTO (OTAP) SOBRE AS OFERTAS CORRESPONDENTES AO SOBRE ELECTRÓNICO A (CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR), ASIGNACIÓN DE PUNTUACIÓNS POLAS OFERTAS CONTIDAS NESTE SOBRE, APERTURA DO SOBRE ELECTRÓNICO B (CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS), ANÁLISE DO INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AUTOMÁTICOS E CLASIFICACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

**EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: 2023/ABSSUB/000005**

**CONTRATACIÓN DO SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE MOBILIARIO PARA DIVERSAS DEPENDENCIAS MUNICIPALES EN EL AYUNTAMIENTO DE PONTEVEDRA**

**ACTO:** Proceder á aprobación da acta da sesión da Mesa celebrada en data 15/07/2024, ao análise do informe emitido pola OTAP sobre as ofertas correspondentes ao sobre electrónico A (criterios avaliáveis mediante xuízos de valor), asignación de puntuacións polas ofertas contidas neste sobre, apertura do sobre electrónico B (criterios avaliáveis mediante fórmulas), análise do informe técnico de valoración dos criterios automáticos e clasificación e proposta de adxudicación.

**ÓRGANO QUE SE REÚNE:** Mesa de Contratación.

**DÍA:** 24/07/2024

**LUGAR:** Segundo andar do Edificio Municipal sito en Michelena, 30, Pontevedra.

**HORA DE INICIO:** 11:40 horas. Ás 11:56 horas suspéndese e continúa ás 13:35 horas.

**HORA DE FIN:** 13:38 horas.

No expediente mencionado na parte superior desta acta e no lugar, día e hora indicados, comparecen as persoas que de seguido se relacionan co obxecto de proceder a realización do acto mencionado no expediente de contratación indicado.

**ASISTENTES:**

<b>PRESIDENTE:</b> Concelleiro da área legal e económica	D. Raimundo González Carballo
<b>SECRETARIO:</b>	D. José Francisco González Neira (Xefe do Servizo de Contratación).
<b>VOGAIS:</b>	Dona Blanca Vega Lorenzo (Interventora Xeral Municipal).  D. José Antonio García Mon (Director da Asesoría Xurídica).  D. Ángel Francisco Velando Rodríguez (Arquitecto Xefe da OTAP).





Aberta a sesión polo Sr. Presidente procédese, como primeiro punto da orde do día, á aprobación, por unanimidade, da acta correspondente á sesión celebrada pola Mesa en data 15/07/2024.

A continuación, a secretaría do órgano da conta do informe da OTAP, emitido no expediente de contratación mencionado anteriormente, no que se valoran, de acordo cos criterios de adjudicación do prego de cláusulas administrativas, as ofertas formuladas polas empresa admitidas contidas no sobre electrónico A (criterios avaliados mediante xuízos de valor) a este proceso de licitación.

Os membros da Mesa de contratación, logo de estudar o informe mencionado, por unanimidade, ACORDAN:

Primeiro.- Aceptar o informe da OTAP emitido no expediente de contratación mencionado anteriormente no que se valoran, de acordo cos criterios de adjudicación do prego de cláusulas administrativas, as ofertas formuladas polas empresas admitidas contidas no sobre electrónico A (criterios avaliados mediante xuízos de valor).

Segundo.- Aceptar e asumir as puntuacións reflectidas no informe técnico anterior e, en consecuencia, outorgarlle ás empresa admitidas como puntuacións polas ofertas contidas nos sobres electrónicos A (criterios avaliados mediante xuízos de valor) as que se expoñen no devandito informe, que, de forma resumida, son as seguintes:

EMPRESAS	LOTE	PUNTUACIÓN PLAN DE MANTENIMENTO
ACEROFFICE, S.L.	1	2,50
SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA, S.L.	2	25,00

Acto seguido, en acto non público, procédese á apertura dos sobres electrónicos B, correspondentes ás ofertas referidas aos criterios avaliados automaticamente.

Estas ofertas contidas nos sobres electrónicos B (criterios avaliados automaticamente) deben avaliarse conforme aos criterios de adjudicación determinados nos pregos de cláusulas administrativas.

As ofertas contidas nos sobres electrónicos B formuladas polas empresas son as seguintes:

LOTE 1 (Subministro e instalación do mobiliario de oficina para o andar primeiro do edificio municipal sito en Michelena nº 30.):

EMPRESA	PREZO CON IVE	MELLORA 1	MELLORA 2
ACEROFFICE, S.L.	45.617,00 €	SI	SI

LOTE 2 (Subministro e instalación de mobiliario de oficina para o andar primeiro do Pazo do Concello de Pontevedra.):

EMPRESA	PREZO CON IVE	MELLORA 1	MELLORA 2	MELLORA 3
SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA, S.L.	59.169,00 €	SI	SI	SI





Neste momento suspéndese o acto ata as 13:30 horas, para que se proceda por parte da Oficina técnica á emisión do informe de avaliación automática da oferta.

Unha vez reiniciada a mesa ás 13:35 horas, a secretaría do órgano da conta do informe da Oficina técnica emitido no expediente de contratación mencionado anteriormente.

Os membros da mesa de contratación logo de estudar o informe mencionado, por unanimidade, ACORDAN:

Primeiro.- Aceptar o informe da Oficina técnica emitido no expediente de contratación mencionado anteriormente, no que se valoran, de acordo cos criterios de adxudicación do prego de cláusulas administrativas, as ofertas formuladas polas empresas admitidas contidas no sobre electrónico B (criterios avaliáveis automaticamente por aplicación de fórmulas).

Segundo.- Aceptar e asumir as puntuacións reflectidas no informe técnico anteriormente mencionado e, en consecuencia, outorgarlle á empresa admitida como puntuacións pola oferta contidas no sobre electrónico B (criterios avaliáveis automaticamente por aplicación de fórmulas) a que se expón no devandito informe, que, de forma resumida, son as seguintes:

LOTE 1 (Subministro e instalación do mobiliario de oficina para o andar primeiro do edificio municipal sito en Michelena nº 30.):

EMPRESA	PUNTUACIÓN PREZO	PUNTUACIÓN MELLORA 1	PUNTUACIÓN MELLORA 2
ACEROFFICE, S.L.	50 puntos	17,02	7,98

LOTE 2 (Subministro e instalación de mobiliario de oficina para o andar primeiro do Pazo do Concello de Pontevedra.):

EMPRESA	PUNTUACIÓN PREZO	PUNTUACIÓN PREZO MELLORA 1	PUNTUACIÓN PREZO MELLORA 2	PUNTUACIÓN PREZO MELLORA 3
SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA, S.L.	50	10,13	10,13	4,74

Así mesmo, a Mesa de Contratación, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- De conformidade cos acordos anteriores da Mesa de Contratación e dos informes técnicos de valoración, asignar as puntuacións seguintes ás entidades admitidas a este procedemento cuxas ofertas non foron rexeitadas:

LOTE 1 (Subministro e instalación do mobiliario de oficina para o andar primeiro do edificio municipal sito en Michelena nº 30.):

EMPRESA	PUNTUACIÓN POLA OFERTA CONTIDA SOBRE A	PUNTUACIÓN POLA OFERTA CONTIDA SOBRE B	PUNTUACIÓN TOTAL
ACEROFFICE, S.L.	2,50	75,00	77,50

LOTE 2 (Subministro e instalación de mobiliario de oficina para o andar primeiro do Pazo do Concello de Pontevedra.):





EMPRESA	PUNTUACIÓN POLA OFERTA CONTIDA SOBRE A	PUNTUACIÓN POLA OFERTA CONTIDA SOBRE B	PUNTUACIÓN TOTAL
SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA, S.L.	25,00	75,00	100,00

Segundo.- De conformidade coas puntuacións asignadas, acórdase clasificar ás empresas pola seguinte orde, conforme ás ofertas presentadas:

Lote 1:

1. ACEROFFICE, S.L.

Lote 2:

1. SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA, S.L.

Terceiro.- Que se incorporen as ofertas presentadas ao expediente de contratación.

Cuarto.- Propor a adxudicación dos contratos relativos ao expediente de contratación mencionado na cabeceira desta acta, ás entidades que de seguido se relacionan, por ser as ofertas con mellor relación calidade-prezo:

Lote 1: ACEROFFICE, S.L. (NIF: B70441001)

Lote 2: SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA, S.L. (NIF: B15213911)

Quinto.- Compróbase que as empresas ACEROFFICE, S.L. e SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA, S.L. figuran inscritas no Rexistro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, o que a exime de achegar determinada documentación.

Sexto.- Requiritr ás empresas ACEROFFICE, S.L. e SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA, S.L. para que dentro do prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que se reciba a notificación do presente acordo, procedan á achega da documentación prevista no prego de cláusulas que rexe este contrato (agás a que xa consta nos Rexistros nos que está inscrita), entre a cal se atopa a constitución das garantías definitivas polos seguintes importes (5% do prezo final ofertado polo licitador, IVE excluído):

LOTE 1: 1.885,00 €.

LOTE 2: 2.445,00 €.

Sétimo.- O Secretario dará traslado do presente acordo á empresa que presentou a oferta coa mellor relación calidade-prezo.

Finalizada a apertura de sobres, o Sr. Presidente da por finalizado o acto mencionado anteriormente e levanta a sesión do que eu, como Secretario, dou fe.

